



## Ámbitos de aprendizaxe EN TUI XOGAMOS TODOS E TODAS



# 1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:

**EN TUI XOGAMOS TODOS E TODAS**

ETAPA:

**Educación Primaria**

NIVEL:

**1º e 2º**

ÁREAS:

**Ciencias Sociais, Ciencias Naturais.**

PROFESORADO:

**Titora de 3º A**

## DESCRIPCIÓN:

Nesta primeira parte pretendemos concienciar ao alumnado sobre a diversidade que nos rodea e como parte dela das persoas con mobilidade reducida.

Para isto proporemos actividades e experiencias que acerquen a realidade destas persoas co fin de que sexan capaces de:

- Recoñecer a diversidade de persoas con discapacidade próximas ao noso entorno e os uso de elementos que os axudan na súa mobilidade.
- Identificar as barreiras arquitectónicas máis habituais na nosa contorna: escola, barrio, vila.
- Predicir nunha barreira arquitectónica, presentado de forma visual o a través da experiencia vivencial, se existe solución para eliminala.
- Pintar sen mans unha obra de arte imitando as persoas con discapacidade nas extremidades superiores.
- Investigar como construír unha escaleira e unha rampla con distintos materiais da aula.
- Construír unha escaleira sen barreiras arquitectónicas.

Con esta tarefa estamos contribuíndo ao **ODS 4 Educación de calidade** xa que estamos abordando directamente a educación inclusiva, o **ODS 10 Redución de desigualdades**, prioritario na situación que propoñemos ao noso alumnado, **ODS 11 cidades y comunidades inclusivas e sostibles**, xa que estamos a ser conscientes do que nos rodea con respecto as barreiras arquitectónicas, e **17 Alianzas** para lograr obxectivos, xa que é un traballo de todos e todas para alcanzar a inclusión.

## XUSTIFICACIÓN:

A nivel legislativo, un dos obxectivos principais do Proxecto Educativo do centro é facilitar os recursos necesarios para alcanzar unha inclusión respectuosa coas individualidades de cada alumno o alumna e enriquecedora para todo o colectivo escolar.

Na realidade máis próxima ao noso alumnado, o centro escolar e o seu contexto social, convive con persoas con mobilidade reducida, e é por iso que, é preciso continuar no proceso de sensibilizar ao alumnado con respecto a diversidade e dotalo das estratexias que lle permitan ser un axente activo e crítico, comprometido co seu propio desenvolvemento, co desenvolvemento das persoas con mobilidade reducida e da identificación das debilidades e fortalezas do seu entorno con respecto a mobilidade destas persoas.

Cabe destacar como motivación que, no Consello dos nenos e nenas da escola, un dos representantes do alumnado reclama a necesidade dunha randeeira adaptada, polo que se fai máis significativo o tratamento desta temática dentro da nosa escola.

Todos estes factores fundamentan a necesidade do noso produto final que é a construción da maqueta dunha escaleira cunha rampla.

## CONTEXTO:

O ámbito **Crea Visual** de 1º ciclo de educación primaria **desenvolverase en varios escenarios** en función das tarefas e actividades que levaremos a cabo. Todos estes escenarios cumpren un obxectivo concreto con respecto ao ámbito que se describen a continuación:

- **Aula verde de educación infantil:** como lugar de convivencia co grupo de educación infantil e punto de partida do ámbito a partir da motivación inicial para introducirmos no tema que imos abordar nas sesión seguintes.
- **Aula de música:** É un espazo amplo e diáfano que nos permite a mobilidade para reflexionar, visualizar vídeos que nos inviten a coñecer outras realidades, o movemento para alcanzar os materiais que precisemos para recortar, pegar, escribir, debuxar e experimentar. Así como sentirnos cómodos de xeito distendido para falar e escoitar con respecto as opinións e propostas que xurdan da conversación.
- **Os corredores:** os corredores do centro son lugares onde imos a identificar se hai barreiras arquitectónicas, se as houbo como se solucionaron, que elementos hai na arquitectura que facilitan o acceso as persoas con mobilidade reducida.
- **Entorno do centro:** a nosa vila tamén será examinada polo noso alumnado para ver en que medida é axeitada para os camiñantes con e sen mobilidade reducida.

A transición dun espazo a outro será debidamente coherente con respecto coas diferentes tarefas e actividades que suscitemos ao noso alumnado. Sempre estará acompañado dos recursos materiais e persoais precisos para alcanzar o éxito que se agarda ao finalizar cada unha das catro sesións previstas e o logro dun produto final axeitado ao proposto.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<b>SESIÓN 1: Percorremos Tui en cadeira de rodas”</b>		
<b>Sorpresa! Que hai debaixo da tea?</b>	<b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialógante e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Para que serve unha cadeira de rodas?</b>	<b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialógante e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Rutina do pensamento é difícil pasear en cadeira de rodas pola rúa?</b>	<b>CE4.5</b> Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Percorrido pola contorna da escola coa cadeira de rodas</b>	<b>CE1.2</b> Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa nas investigacións co medio natural.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Rutina de pensamento foi difícil pasear na cadeira de rodas pola rúa?</b>	<b>CE1.4.</b> Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Conclusión da xornada. Ticket de saída</b>	<b>CE.4.3</b> Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>

	<b>SESIÓN 2: Barreiras arquitectónicas</b>	
<b>Encontro. Parladoiro en círculo</b>	<b>CE1.4.</b> Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Vídeo: Beni Olímpico</b>	<b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialógate e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Somos arquitectos: identificamos obstáculos e damos solucións</b>	<b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialógate e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>O mapa de obstáculos.</b>	<b>CE1.4.</b> Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Mural: imaxes contrapostas. Barreira fronte solución</b>	<b>CE4.2.</b> Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.  <b>CE4.5</b> Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Posta en común mural. Coincidimos nas solucións?</b>	<b>CE.4.3</b> Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Vídeo. Pepa Pig e a súa amiga Mandy Ratona</b>	<b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialógate e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>

	<b>SESIÓN 3: Corpo pintureiro</b>	
<b>Encontro. Parladoiro en círculo</b>	<b>CE1.4.</b> Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Bubble Map</b>	<b>CE4.5</b> Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Rutina do pensamento: Antes pensaba/agora penso</b>	<b>CE1.2</b> Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa nas investigacións co medio natural.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Corpo pintureiro</b>	<b>CE4.2.</b> Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.  <b>CE4.5</b> Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Rutina do pensamento: Antes pensaba/agora penso</b>	<b>CE.4.3</b> Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.  <b>CE4.5</b> Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Vídeo: Persoas pintando e/ou facendo tarefas diarias sen mobilidade nas mans.</b>	<b>CE1.1.</b> Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.  <b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialóante e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>

SESIÓN 4: Entre rodas e ramplas todos camiñamos		
<b>Encontro.</b> <b>Parladoiro en círculo</b>	<b>CE1.4.</b> Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Conto: A miña cadeira de rodas</b> <b>(Rivera Lassen, Carmen)</b>	<b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialógante e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta	<b>Procedemento: Observación directa.</b>  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>
<b>Arquitectos:</b> <b>construímos a nosa escaleira con</b> <b>rampla</b> <b>(produto final)</b>	<p><b>CE1.2</b> Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa nas investigacións co medio natural.</p> <p><b>CE1.4.</b> Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.</p> <p><b>CE1.5</b> Establecer acordos de forma dialógante e democrática como parte de grupos próximos a súa contorna, identificando responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.</p> <p><b>CE4.2.</b> Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.</p> <p><b>CE.4.3</b> Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.</p> <p><b>CE4.5</b> Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.</p>	<b>Procedemento:</b> Observación directa.  <b>Instrumento:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escala de valoración.</li> <li>● Rúbrica avaliación</li> </ul>

## CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e a proposición de hipóteses.
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado y faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes.
- Cooperación e diálogo. Estratexias básicas de traballo en equipo.
- Propostas de traballo que xorden dunha situación problema, acontecemento o inquietude do entorno cos rodea.
- Elaboración guiada de murais para recoller conclusións acerca da estratexias utilizadas e as emocións suscitadas.
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipo e comunicación.





### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

#### SESIÓN 1: Percorremos Tui en cadeira de rodas”

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<b>Sorpresa! Que hai debaixo da tea?</b>	<b>O alumnado atopará no medio da aula un obxecto que está tapado cunha tea.</b> A mestra irá mostrando pequenas partes do obxecto: unha roda, o repousa mans ... A medida que se destapa cada unha das partes a mestra irá preguntado que lle suxire, que lles recorda, sabedes o que é?, etc.	O alumnado irá dando opcións a medida que se vaia destapando o obxecto ata adiviñar que é. Optaremos por un obxecto da palabra, levantar a man para dar unha idea, lembrando sempre o respecto pola quenda da palabra.		
<b>Para que serve unha cadeira de rodas?</b>	<b>Co obxecto desvelado falaremos do familiar que nos pode resultar. Faremos preguntas do tipo</b> Para que serve unha cadeira de rodas? Coñecemos algún compañeiro/a que a necesite?	Facilitaremos que o alumnado exprese a súas anécdotas, curiosidades, inquiredanzas e dúbidas en torno o obxecto e as persoas con mobilidade reducida ben por cuestións temporais ou permanentes. Podemos atopar algún alumno/a que lle traía algún recordo ben por ter que usala temporalmente ou por cuestión familiar que non se sinta cómodo coa temática.		
<b>Rutina do pensamento é difícil pasear en cadeira de rodas pola rúa?</b>	Situaremos ao alumnado en grupo cooperativo. Preguntamos: é moi difícil pasear en cadeira de rodas pola rúa? Amosamos un panel de dificultade coas palabras: moi fácil, fácil, posible, moi difícil imposible.	En base ao proposto, o alumnado deberá chegar a unha conclusión de grupo de que opción dos niveis de dificultade lles parece que é a máis axeitada. O portavoz de cada equipo dará o seu veredicto. Deixarémolo marcado no panel de dificultade amosado.	Se puidese ser factible, poderíamos pedirlle ao noso alumnado que de un motivo por que no grupo elixiron esa opción en non outra.	

<b>Percorrido pola contorna da escola coa cadeira de rodas</b>	Antes da saída é conveniente que deixemos ao noso alumnado investigue a cadeira, se monte nela, a empurre, para deste xeito eliminar a curiosidade de probar e tocar.	Utilizando a cadeira de rodas faremos todo o grupo un percorrido polos arredores do colexio para comprobar se é fácil ou difícil andar coa cadeira.	Os mestres guiaremos o percorrido pero deixaremos que o alumando descubra os motivos polos que a cadeira non pasa, ten dificultades no paso, se hai que cambiar de camiño para probar outra opción....	Podemos invitar, se é factible, que o noso alumando, de forma rotativa, vaia sentado na cadeira de rodas para probar a sensación de ir sentado nela ao longo do percorrido.
<b>Rutina de pensamento foi difícil pasear na cadeira de rodas pola rúa?</b>	Ao regresar á aula lembraremos a posición que cada grupo decidiu antes de ir ao expedición ao redor do centro coa cadeira de rodas con respecto a dificultade que pensabamos que era.	Novamente os grupos deberán reflexionar se se manteñen no elixido nun primeiro momento ou se cambian a outro grado de dificultade.	Procuraremos que dean unha pequena explicación do porque se manteñen ou cambian de parecer en canto ao nivel de dificultade elixido.	
<b>Conclusión da xornada. Ticket de saída</b>	Podemos establecer como ticket de saída a pregunta: que aprendín hoxe que non sabía? Por grupos cooperativos e de xeito individual preguntaremos esta cuestión a fin de obter información das conclusión obtidas polo noso alumnado da xornada de hoxe.			
<b>SESIÓN 2: Barreiras arquitectónicas</b>				
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>EXERCICIO 1</b>	<b>EXERCICIO 2</b>	<b>EXERCICIO 3</b>	<b>EXERCICIO 4</b>
<b>Encontro. Parladoiro en círculo</b>	En círculo e en gran grupo lembramos o que sucedeu na sesión anterior.	Pode ser unha boa ocasión para que xurdan novas anécdotas que o alumnado traslade ben por que comprobasen na súa rúa incidencias, por que coñecen a alguén en cadeira de rodas. Abriremos a conversación e as		

		dúbidas que puidesen suscitarse ao lembrar o vivido na sesión anterior.		
<b>Vídeo: Beni Olímpico</b> 	Como motivación e presentación amosarémolle na PDI o vídeo Beni Olímpico.	Que lle sucede a Beni? Que atopa no seu camiño? Que vos chama a atención do visualizado?	Sería boa opción volver visualizalo e parándonos agora nos momentos nos que Beni se atopa cunha dificultade para reflexionar que sucede, por que sucede, como o resolve, que solución lle daríamos nos.	Identificamos estes obstáculos como BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS e falamos das palabras, tratamos de pronuncialas. Pode ser complicado para o ciclo onde nos atopamos.
<b>Somos arquitectos: identificamos obstáculos e damos solucións</b>  <a href="https://www.canva.com/design/DAFy-1oQJ2w/mDrHmYva8rew7NsGxB89yA/edit?utm_content=DAFy-1oQJ2w&amp;utm_campaign=designshare&amp;utm_medium=link2&amp;utm_source=sharebutton">https://www.canva.com/design/DAFy-1oQJ2w/mDrHmYva8rew7NsGxB89yA/edit?utm_content=DAFy-1oQJ2w&amp;utm_campaign=designshare&amp;utm_medium=link2&amp;utm_source=sharebutton</a>	Na PDI amosamos varias imaxes de persoas en cadeira de rodas. Identificamos se é unha barreira arquitectónica ou non.  (Disponible en PDF: <a href="https://drive.google.com/drive/u/1/folders/1UDSd-OL-tij1a0pW0MvZ5dpCnBzaex-">https://drive.google.com/drive/u/1/folders/1UDSd-OL-tij1a0pW0MvZ5dpCnBzaex-</a> )	Se atopamos unha barreira arquitectónica levantamos unha cariña que ten cara triste, se non hai barreira levantamos unha cariña que está contenta. Podemos dar espontaneidade ao exercicio invitando a aplaudir o feito de non haber tal barreira.		
<b>O mapa de obstáculos.</b>	Entregámoslle a cada grupo cooperativo un mapa do centro e do percorrido que visitamos a pasada sesión coa cadeira de rodas. Identificaremos o cole e o camiño que realizamos (darlle ficha, boneco, dedo indicando)	Explicamos que agora imos facer o mesmo percorrido e que imos marcar cun rotulador no mapa os lugares onde atopemos unha barreira arquitectónica.	Ao longo do percorrido, pararemos no lugar onde atopemos unha barreira, identificaremos cal é a dificultade, aportaremos unha solución e a marcaremos no mapa.	Ao regreso, co mapa diante, chegaremos as conclusión de se hai moitas poucas, quen pode solucionarlas?
<b>Mural: imaxes contrapostas. Barreira fronte solución</b>	A modo de avaliación da sesión entregámoslle unhas imaxes na que amosa unha mesma imaxe con barreira arquitectónica e a mesma sen barreira arquitectónica. Estas imaxes están desordenadas.	Cada grupo cooperativo deberán recortar e pegar cada unha das imaxes de modo que cada barreira arquitectónica ten o seu lado pegada a imaxe que lle corresponde sen barreira arquitectónica.		
<b>Posta en común mural. Coincidimos nas solucións?</b>	Cada grupo cooperativo amosa que considera que imaxe contén a barreira arquitectónica e que imaxe lle corresponde coa solución.			

<p><b>Vídeo.</b> <b>Pepa Pig e a súa amiga Mandy Ratona</b></p> 	<p>Para finalizar a sesión proxectaremos o capítulo de Pepa Pig e Mandy Ratona ,na que conta como se incorpora a súa aula esta nova alumna en cadeira de rodas e a forma de relacionarse os compañeiros/os coa nova amiga.</p>	<p>Trátase de darlle un peche lúdica. Ao mesmo tempo, amosa a través dos debuxos animado unha realidade moi posible e real nas aulas como a chegada dunha alumna/o con esta circunstancia.</p>		
<b>SESIÓN 3: Corpo pintureiro</b>				
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>EXERCICIO 1</b>	<b>EXERCICIO 2</b>	<b>EXERCICIO 3</b>	<b>EXERCICIO 4</b>
<b>Encontro.</b> <b>Parladoiro en círculo</b>	<p>En círculo e en gran grupo lembramos o que sucedeu na sesión anterior. Pode ser unha boa ocasión para que xurdan novas anécdotas que o alumnado traslade ben por que comprobasen na súa rúa incidencias, por que coñecen a alguén en cadeira de rodas.</p>	<p>Abriremos a conversación e as dúbidas que puidesen suscitarse ao lembrar o vivido na sesión anterior.</p>	<p>Aproveitamos este parladoiro para introducir o feito de que pasaría de persoas que se visen imposibilitadas nesta ocasión da mobilidade nas mans. Podemos preguntar cuestións como, que ocasión de pode dar o caso, como farán para..., coñeces alguén que...</p>	
<p style="text-align: center;"><b>Bubble Map</b></p> <p><a href="https://drive.google.com/file/d/1GzrP79spPkuH_QQDvPPcG9u3Ac8jIALP/view?usp=drive_link">https://drive.google.com/file/d/1GzrP79spPkuH_QQDvPPcG9u3Ac8jIALP/view?usp=drive_link</a></p>	<p>En grupo cooperativo entregámoslle un Bubble Map. Antes de cubri-lo preguntámoslle, que partes do corpo utilizarías crees que pode utilizar no caso de non ter mas para, peitearte, comer, lavar os dentes, vestirse, ....</p>	<p>Agora a modo de introdución da actividade principal da sesión: e si tivésemos que pintar un cadro?</p>	<p>Cubriremos o Bubble Map coas opcións que se nos ocorra máis viable para tal fazaña. Para cubri-lo podemos utilizar a escritura, o debuxo, os pictogramas.</p>	
<b>Rutina do pensamento:</b> <b>Antes pensaba/agora penso</b>	<p>Amosaremos unha fotografía dun cadro pintado por unha persoa con mobilidade reducida nas mans.</p>	<p>En base ao anterior, e na liña da primeira sesión, amosaremos novamente o panel de dificultade. Pintar se mans será: moi fácil, fácil, posible, moi difícil ou imposible.</p>	<p>Cada grupo elixirá a opción que mellor considere en base a un acordo de grupo. O voceiro comunicará a decisión grupal e se é viable explicará o porque da elección do grupo.</p>	

<p><b>Corpo pintureiro</b></p>	<p>Amosarémolle material de pintar: rotuladores, pinturas, pinceis, témperas.... Nun papel corrido en branco deixarmos paso a imaxinación e en grupo pintaremos unha gran obra de arte pero sen usar as mans. Podemos usar calquera parte do corpo, pero nunca as mans.</p>			
<p><b>Rutina do pensamento: Antes pensaba/agora penso</b></p>	<p>Tras rematar a tarefa, volveremos ao grupo e preguntarmos, que vos pareceu agora que o fixestes: moi fácil, fácil, posible, moi difícil ou imposible.</p>	<p>Deixaremos que o grupo falen entre eles para chegar as novas conclusións.</p>	<p>Unha vez rematado o tempo explicarán se se manteñen no que elixiron nunha primeira ocasión o se mudan de opción. Sería factible a explicación do porque do cambio.</p>	
<p><b>Vídeo: Persoas pintando e/ou facendo tarefas diarias sen mobilidade nas mans</b></p> <p><a href="https://youtu.be/w_YH-4KIP6E">https://youtu.be/w_YH-4KIP6E</a></p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=9uNWN5PEPU4">https://www.youtube.com/watch?v=9uNWN5PEPU4</a></p>	<p>Para rematar a tarefa amosaremos as verdadeiras destrezas que utilizan as persoas sen mobilidade nas mans para pintar, como fan e cales son os resultados sorprendentes.</p>	<p>Cabe esperar que o alumnado se cuestione outras situacións da vida cotiá, como vestirse, lavar os dentes, comer. Podemos amosar algún vídeo que amose a destreza destes que faceres diarios.</p>		
<p><b>SESIÓN 4: Entre rodas e ramplas todos camiñamos</b></p>				
<p><b>Encontro. Parladoiro en círculo</b></p>	<p>En círculo e en gran grupo lembramos o que sucedeu na sesión anterior.</p>	<p>Pode ser unha boa ocasión para que xurdan novas anécdotas que o alumnado traslade ben por que comprobasen na súa rúa incidencias, por que coñecen a alguén en cadeira de rodas.</p>	<p>Abriremos a conversación e as dúbidas que puidesen suscitarse ao lembrar o vivido na sesión anterior.</p>	

<p><b>Conto: A miña cadeira de rodas (Rivera Lassen, Carmen)</b></p>	<p>Para introducir a tarefa desta sesión leremos en voz alta ao grupo o conto “A miña cadeira de rodas”. A cal conta a vida normalizada dunha rapaza en cadeira de rodas e da plenitude da súa vida.</p>	<p>Ao final de conto, para dar sentido a tarefa seguinte incluímos unha pregunta ao noso alumnado de parte da protagonista, xa que, aínda que ten unha vida tan plena e normalizada, o problema está cando se atopa algunha escaleira, Podemos axudala?</p>		
<p><b>Arquitectos: construímos a nosa escaleira con rampla (produto final)</b></p>	<p>En primeiro lugar imos construír unha escaleira. Para isto traballaremos o concepto de bosquexo. Deixaremos diversos materiais na aula, como se non houberse ningunha intención nisto, para ver se lles ocorre como podemos construír unha escaleira. Tratamos que activen a súa capacidade de resolución cos elementos que teñen o seu arredor de forma voluntaria en non guiada, ademais da axuda mutua, a ideas dun compartida cos outros melloran os proxectos.</p>	<p>Acudiremos ao longo do centro (corredores, biblioteca, aulas de recursos) buscando materiais que nos axuden a construír unha rampla ou melloren a nosa escaleira. Novamente trataremos que se active o enxeño para dar solución a un problema creado para ser solucionado.</p>	<p>Por último entregaremos caixas de cartón, tesoiras, cinta adhesiva, e uns bosquexos para construír a nosa pequena escaleira cunha rampla. Probaremos con obxectos con rodas a efectividade da nosa rampla.</p>	
<p><b>Avaliación</b></p>	<p>O alumnado realizará a súa autoavaliación individual e de grupo cooperativo.</p>	<p>Iremos primeiro co cuestionario individual, pasaremos a diana de autoavaliación de grupo e remataremos co caderno de equipo.</p>		

## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

### SESIÓN 1: Percorremos Tui en cadeira de rodas”

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>Sorpresa! Que hai debaixo da tea?</b>	Aula verde Educación infantil	Gran grupo	Cadeira de rodas, e tea	20 minutos
<b>Para que serve unha cadeira de rodas?</b>	Aula verde Educación Infantil	Gran grupo	Cadeira de rodas	15 - 20 minutos
<b>Rutina do pensamento: é difícil pasear en cadeira de rodas pola rúa?</b>	Aula verde Educación Infantil	Gran grupo e equipos base	Panel con graos de dificultade: moi fácil, fácil, posible, moi difícil, imposible	15- 20 minutos
<b>Percorrido pola contorna da escola coa cadeira de rodas</b>	Entorno próximo ao colexio	Gran grupo	Cadeira de rodas	50- 60 minutos
<b>Rutina de pensamento foi difícil pasear na cadeira de rodas pola rúa?</b>	Aula verde Educación Infantil	Gran grupo e equipos base	Panel con graos de dificultade: moi fácil, fácil, posible, moi difícil, imposible	15 – 20 minutos
<b>Conclusión da xornada. Ticket de saída</b>	Aula verde Educación Infantil	Gran grupo e equipos base	Emojis que expresen sentimento que produciu a xornada	10 – 15 minutos

### SESIÓN 2: Barreiras arquitectónicas

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>Encontro. Parladoiro en círculo</b>	Aula de música	Gran grupo	Obxecto da palabra	15- 20 minutos
<b>Vídeo: Beni Olímpico</b>	Aula de música	Gran grupo	Taboleiro dixital, vídeo, obxecto da palabra.	15 minutos

<b>Somos arquitectos: identificamos obstáculos e damos solucións</b>	Aula de música	Gran grupo	Taboleiro dixital, obxecto da palabra, cariñas riseiras e tristes.	20 minutos
<b>O mapa de obstáculos.</b>	Aula de música / entorno do cole	Gran grupo e grupo base	Mapa do centro adaptado ao ciclo, persoal que acompañe ao percorrido	40 minutos
<b>Mural: imaxes contrapostas. Barreira fronte solución</b>	Aula de música	Grupo base	Imaxes impresas, papel A3, cola de pegar, tesoiras, lapis, gomas e cores.	20 minutos
<b>Posta en común mural. Coincidimos nas solucións?</b>	Aula de música	Gran grupo e grupo base	Murais rematados	5 – 10 minutos
<b>Vídeo. Pepa Pig e a súa amiga Mandy Ratona</b>	Aula de música	Gran grupo	Taboleiro dixital, vídeo, obxecto da palabra	5-10 minutos.

### SESIÓN 3: Corpo pintureiro

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>Encontro. Parladoiro en círculo</b>	Aula de música	Gran grupo	Obxecto da palabra	15 - 20 minutos
<b>Bubble Map</b>	Aula de música	Gran grupo e grupo base	Bubble Maps plastificado.	15 minutos
<b>Rutina do pensamento: Antes pensaba/agora penso</b>	Aula de música	Gran grupo e grupo base	Panel con graos de dificultade: moi fácil, fácil, posible, moi difícil, imposible	15 minutos
<b>Corpo pintureiro</b>	Aula de música	Gran grupo e/ou grupo base. Depende do número do grupo global	Pinturas de cores, rotuladores, marcadores, cinta carroceiro por se se queren axudar pegando con cinta a algunha parte do corpo.	45 minutos



			Como opción alternativa: pinceis, temperas, pintura ao auga. Un anaco de papel corrido branco	
<b>Rutina do pensamento: Antes pensaba/agora penso</b>	Aula de música	Gran grupo e grupo base	Panel de graos de dificultade: moi fácil, fácil, posible, moi difícil, imposible	15 minutos.
<b>Vídeo: Persoas pintando e/ou facendo tarefas diarias sen mobilidade nas mans</b>	Aula de música	Gran grupo	Taboleiro dixital, vídeos, obxecto da palabra	15 minutos.
<b>SESIÓN 4: Entre rodas e ramplas todos camiñamos</b>				
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>ESCENARIO</b>	<b>AGRUPAMENTO</b>	<b>RECURSOS</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>Encontro. Parladoiro en círculo</b>	Aula de música	Gran grupo	Obxecto da palabra	20 minutos
<b>Conto: A miña cadeira de rodas (Rivera Lassen, Carmen)</b>	Aula de música	Gran grupo	Conto en imaxe e escrito para proxectar na taboleiro dixital.	15 minutos
<b>Arquitectos: construímos a nosa escaleira con rampla (produto final)</b>	Aula de música	Gran grupo e grupo base	Libros, caixas, arquivadores, cinta adhesiva, cola de pegar, cores, tesoiras, modelos de cartón, estantes de madeira,	90 minutos
<b>Avaliación</b>	Aula de música	Gran grupo e grupo base	Caderno de equipo. Diana de avaliación. Cuestionario	45 minutos

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	<ul style="list-style-type: none"><li>• A <b>Escala de valoración</b> servirá como fonte para establecer os indicadores precisos para aplicar a <b>rúbrica de avaliación</b>.</li></ul>	Observación sistemática
PRÁCTICA DOCENTE	Rúbrica de autoevaluación docente	Observación sistemática
DESEÑO DA TAREFA	Rúbrica de autoevaluación docente	Observación sistemática

